

Deixamos atrás un novo intento de aprobar unha lei por Iniciativa Popular, neste caso para un tratamento axeitado do lixo. A frustración do seu rexeitamento é, nesta altura, claramente compensada polo grao de concienciación conseguido. O esforzo tampouco foi en vano que atinxe ás súas señorías parlamentares, mesmo algunha das mais reticentes a cavilar tiveron que usar a cabeza. Este é o caso do representante do PP que, espremendo-se os miolos, argumentou que o lixo non tiña ideoloxía, pondo deste xeito en evidencia a súa, a do desenvolvemento sen controis, sen preocupación pola saúde ou polo esgotamento dos recursos, e tamén a súa falta de educación democrática ao acusar de partidista unha Iniciativa respaldada por un espectro diverso de organizacións políticas e sindicais, así como polo amplo abano ideolóxico que nutre a totalidade do movemento ecoloxista galego.

Mais pouco nos importa agora a súa arrogancia, xa estamos no verao para curar-nos de tanta teimosia irracional e dos desbarres deses pipiolos da política. Este é un tempo para achegar-nos ás praias, de nos refrescar nalgun dos mil ríos da nazón. Praias das que, entre outros temas, falamos nesta nova CERNA, onde tamén constatamos as dificultades dun Concello (Cangas) para recuperar o seu litoral inzado de infraccións. E mais unha vez, comprobamos como mentres a mais manifesta ilegalidade pode ficar impune, as accións encamiñadas a restablecer a legalidade carecen do necesario respaldo de institucións superiores e mesmo poden levar aos seus promotores ao xulgado (lembra de Oleiros).

Refresquemo-nos, pois, nas praias e nos ríos, descansemos na sombra dalgunha vella carvalleira, e que o seu disfrute nos sirva para depois emprender a súa defensa con mais forza. ■

## Actualidade

- 2 **Praias: A cualidade das augas de baño**  
por Jesús Pereiras
- 4 **A Xunta decide en Dodro: Ou brañas ou formigón**  
por Carme Vidal
- 5 **O río Lagares: Entre a vida e a morte**  
por Miguel Marvoa e Oscar Souto
- 6 **Manifestación pola reciclaxe e contra a incineración**  
por María Villaverde
- 7 **O Parlamento rexeitou a Iniciativa Lexislativa popular de tratamento adecuado do lixo**  
por Xosé Veiras
- 9 **Cangas: Polémica pola recuperación do litoral**  
por Luis M<sup>a</sup> Pérez
- 10 **A Junta continua a incrementar as axudas ao eucalipto**  
por Jesús Pereiras
- 11 **Ríos envenenados por cloro de piscinas municipais em Monterroso e Compostela**  
por Jesús Pereiras

## A nosa flora

- 12 **Outras árbores da familia salicáceas**  
por Henrique Niño

## Educación ambiental

- 15 **Educación ambiental en Cuba**  
por Orestes Valdés

## O meio natural na historia

- 20 **Un artigo de Ramón de la Sagra sobre a conservación dos bosques (1854)**  
por Xosé A. Fraga

## A natureza na literatura

- 22 **Faustino Rey Romero, cantor dos merlos**  
por Emilio Xosé Ínsua

## Actividades

25-30

## Opinión

30-31

## Livros

- 32 **As augas de Galicia**
- 32 **Guía didáctica: Contaminación atmosférica**

## Cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E  
MEDIO AMBIENTE  
Rúa de Touro 21-2º  
15704-Santiago  
Tlf. 981-570099  
Fax. 981-570099

### CONSELLO DE REDACIÓN

Joam Carmona, Elvira Cienfuegos,  
Emilí Insua, Santiago Ortiz,  
Xesús Pereiras, Pepe Salvadores,  
Manuel Soto e Tito Soto

### EDITA

ADEGA (Asociación para a Defensa  
Ecolóxica de Galiza). Maio de 1996.

Tanto en artigos como noutras colaboracións,  
respeita-se a normativa lingüística do autor.

CERNA non se fai copartícipe, necesariamente,  
das ideas, opinións e afirmacións dos autores.  
Todo o material da revista pode ser reproducido  
sempre que se cite a fonte.

CERNA edita-se en papel reciclado 100%, para pre-  
servar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo.

### COLABORADORES GRÁFICOS

P. Salvadores, Xan G. Muras,  
Luis M<sup>a</sup> Pérez, Oitabén, Luis I. Niño,  
J. Pereiras

### FOTOGRAFÍA DA CAPA

Xan G. Muras

### DESEÑO E FOTOCOMPOSICIÓN

Liña Preimpresión S.L.  
Senra, 3-3º D Santiago

### FOTOMECÁNICA

4-Cromía

### IMPRIME

Imagraf (Tfno.: 57 79 57)

Depósito legal: C-913-1986

ISSN: 1136 - 2677